



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE AGOSTO DE 2014

2.-Proposta da Alcaldía relativa a delegación de competencias.

Esta proposta aprobada pola XGL delega no concelleiro de Réxime Interior as resolucións sobre representación e defensa xudiciais emanadas da Asesoría Xurídica; actos administrativos de trámite en material de contratación e as resolucións sobre retribucións do persoal que non sexan periódicas nin fixas.

3.- Solicitud de licenza de obras para mellorar a accesibilidade en instalacións da estación de autobuses sita na rúa San Caetano.

LIC/1100/2014.-Dirección Xeral de Mobilidade. A XGL concede esta licenza coa que se poderá levar a cabo a mellora da accesibilidade da Estación de Autobuses de Santiago. Esta actuación desenvólvese dentro do Plan Renove das Estacións de Autobuses de Galicia para a mellora das instalacións. No caso de Santiago, o obxectivo é dotar estas instalacións de condicións óptimas para a circulación peonil, atendendo ás necesidades das persoas con mobilidade reducida, así como de óptimas condicións de salubridade.

Obras a realizar: demolición e reconstrución das ramplas de acceso á estación para acomodalas á normativa vixente; demolición e reconstrución da rampla de acceso á cafetería; substitución dos chanzos de acceso aos aseos da entreplanta; substitución das escaleiras mecánicas que conectan a entreplanta coa plataforma eliminando os chanzos fixos existentes; pintado das prazas de aparcamento reservadas ás persoas con mobilidade reducida, coa colocación das correspondentes sinais; dotación á plataforma de luminosidade de maior potencia. Este proxecto contou cun orzamento de licitación 392.081,81 € e ten un prazo de execución de 3 meses.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación proxecto básico e de execución para a obra "Mellora de seguridade viaria na rúa da Cañoteira".

A XGL aprobou este proxecto, que modifica o presentado o 25 de marzo de 2014, ao considerar conveniente establecer un único sentido de circulación para os vehículos. Este proxecto de seguridade viaria trata de materializar unha mínima beirarrúa continua sobre cada unha das marxes; tamén se procederá á colocación de tubaxe de augas pluviais e á substitución da rede de abastecemento en fibrocemento. A actuación leva aparellada a colocación de muros de formigón para a contención do viario e que este non invada parte dos terreos lindeiros. O orzamento é de 234.954,99 IVE incluído e terá un prazo de execución de 4 semanas.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de proxecto básico e de execución para a obra "Repavimentación da avenida de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo".

Este proxecto, aprobado en decembro de 2013 foi modificado en marzo de 2014, e presentado de novo, ampliando o seu obxecto, pois agora incorpórase a revisión das redes de servizos soterradas e a substitución das deficiencias.

O tramo da avenida de Vilagarcía corresponde coa traza da antiga estrada a Vilagarcía, que daba servizo á estación de Cornes, de onde partía a primeira liña férrea construída en Galicia cara o porto de Carril. Hoxe, este tramo forma xa parte do viario do Ensanche trazado a principios do S. XX, aínda que edificado nos anos setenta. O estado actual das beirarrúas, da calzada, das bandas de aparcamento ou do arborado son deficientes o que fai preciso a realización deste proxecto para mellorar esta rúa. O proxecto crea un lugar absolutamente singularizado e afastado da configuración tradicional das rúas e dos trazados do Ensanche. O orzamento total do proxecto é de 496.733,51 € e terá unha duración de 8 meses.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a rexeitamento de alegación e aprobación definitiva da delimitación espacial do ámbito de actuación illada de espazos imprescindibles para instalar un ascensor que mellore a accesibilidade no edificio nº 235 da avenida de Lugo.

A XGL do 30 de abril de 2014 aprobou de forma inicial a expropiación de parte do edificio en beneficio da comunidade de propietarios co fin de instalar dun ascensor, segundo petición realizada pola devandita comunidade. Contra este acordo presentouse alegación baseada na lexitimidade da comunidade para esta solicitude e na posibilidade doutras solucións técnicas. Á vista dos informes, o Concello estima que si ten lexitimidade e que outras solucións técnicas terían un custo desproporcionado, rexeitando a alegación e continuando o procedemento para a instalación do ascensor.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á aceptación da subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a execución de diversas accións formativas dirixidas a persoas desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación, correspondente ao exercicio 2014.

A XGL aprobou aceptar a subvención por importe de 68.621,00 €, da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar para a realización de dúas accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos: Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica, 498 horas, 47.425,50 €; e Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas, 238 horas, 21.196,50 €. Permitirá formar a 15 persoas en cada actividade.

8.- III e IV Concesión de subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade.

Ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións do programa para empresas privadas, destinado ao financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade e que conta cunha achega económica de 228.000 euros, concédense a terceira e cuarta destas axudas. O Programa esta dirixido ás empresas co fin de que poidan reforzala súa capacidade competitiva a través de incentivos que lles permitan a utilización de persoal especializado, como vía para a mellora do seu posicionamento no mercado.

En relación a terceira concesión, 10 empresa poderá contratar 14 persoas co seguinte perfil: 5 titulados en FP e 7 titulados universitarios que traballarán durante un período de entre tres e catro meses, cun custo de 33.300 €. En canto á IV concesión, unha empresa de catering poderá contratar a dúas persoas co seguinte perfil: dous titulados en FP en hostalería por un período de tres meses e quince días e que terá un custe de 4.934,06 €.

9.- Proposta da concellería delegada de Economía relativa á validación da solicitude e aceptación da subvención da Consellería de Traballo relativa ao programa integral "Emprego Santiago III".

A XGL Gunta de Goberno Local aprobou a validación da solicitude de subvención e a aceptación da concesión da mesma, así como a ratificación de que a achega do Concello será en persoal propio para a coordinación e apoio. A consellería concedeu ao Concello unha subvención por importe de 115.200 € (48.000 € para o período do 1 de xullo a 30 de novembro de 2014 e 67.200 € para o período do 1 de decembro de 2014 a 30 de xuño de 2015), para a posta en práctica durante as anualidades 2014 – 2015 do programa integrado en materia de emprego, Proxecto "Emprego Santiago III", sendo o gasto elixible de 144.000 €, coa seguinte distribución:

	2014 (Do 1 de xullo ao 30 de novembro de 2014)	2015 (do 1 de decembro de 2014 ao 30 de xuño de 2015)	Total
SUBVENCIÓN	48.000,00	67.200,00	115.200,00
COFINANCIAMENTO	12.000,00	16.800,00	28.800,00
TOTAL PROXECTO	60.000,00	84.000,00	144.000,00

A achega do Concello, en concepto de cofinanciación, por importe de 28.800 euros realizarase coa aportación de persoal propio de coordinación e apoio.

10.- Proposta da concellería delegada relativa á solicitude de subvención á Consellería de Tralaballo para axentes de emprego e desenvolvemento local 2014.

Acórdase solicitar a subvención para a contratación de dous axentes de emprego e desenvolvemento local. Esta subvención consiste no financiamento do equivalente ao 35% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, co límite máximo de 27.046 euros anuais por cada contratación, tendo que satisfacer o Concello o resto dos custes ata completar o 100% correspondente á categoría A2 na que os axentes de emprego estarán encadrados. O custe laboral total é de 80.268,88 €, dos que quedarían financiados 54.092 €.

11.- Proposta da concellería delegada relativa á aprobación de Convenio de colaboración competitividade 2014 e encomenda de execución a INCOLSA.

Con data 27 de marzo de 2014 a XGL aprobou a proposta da Concelleira de Turismo a memoria e orzamento das actividades do Plan de Competitividade Turística 2014, e para a súa remisión á Deputación Provincial. O orzamento deste Plan establecíase en 143.750 €, dos que a Deputación aportaría ata un máximo de 115.000 € sendo a achega do Concello de 28.750 €. Naquela XGL tamén se aprobou a encomenda das actividades deste Plan á empresa municipal INCOLSA.

O 28 de xullo o Concello e a Deputación Provincial asinaron un protocolo de colaboración para financiar este Plan de Competitividade Turística 2014, que quedou aprobado polo Pleno da Deputación de forma definitiva o 30 de xullo. O obxectivo deste convenio é o de establecer as bases de colaboración entres estas dúas Administracións, sendo o Concello a través da empresa municipal INCOLSA quen xestione as actuacións contidas no convenio. Este convenio inclúe as seguintes accións: promoción: feiras de turismo, Workshops e outros; acollida e atención ao visitante: reforzo información turística; turismo gastronómico; accións de dinamización e descentralización; accións de comunicacións e portal web; e estudos de demandas turística.

12.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das listaxes de admitidos e excluídos nos servizos de comedor e madrugadores da rede de centros públicos de educación infantil e primaria deste Concello para o curso 2014-2015.

A proposta a concelleira de Educación, a XGL aprobou a listaxe de admitidos e excluídos nos Servizos de Comedor e Madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2014-2015. Son para os seguintes Centros Educativos: CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola.

13.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Consellería de Tralaballo e Benestar Social para programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.

Co obxecto de levar a cabo o desenvolvemento de varios programas en favor da inclusión social para diferentes comunidades, a XGL aprobou solicitar a participación do Concello na convocatoria da Consellería de Tralaballo e Benestar que, con fondos do Programa Social Europeo 2007-2013, pon a disposición das entidade locais unha liña de subvencións para a inclusión socio laboral de certos colectivos. Esta subvención permitirá afrontar os gastos de persoal para desenvolver os seguintes programas:

- Programa dirixido a inclusión social da comunidade xitana por importe de 41.497,34 €. Obxectivos: fomento da participación e a convivencia social (vivenda e saúde); fomento da calidade dos procesos escolares (educación e acceso aos servizos normalizados); fomento da igualdade de oportunidades (participación social, inserción e emprego).

- Programa dirixido a inclusión social da poboación inmigrante por importe de 53.505,08 €. Obxectivo: acadar a integración real das persoas inimigrantes en todos os ámbitos da vida cidadán.

- Programa dirixido a inclusión social das persoas perceptoras da RISGA por importe de 44.638,94 €. Servizos que se dan neste Programa: acollida e diagnóstico; información sobre a oferta formativa; formación prelaboral; orientación sociolaboral.

Esta acción non ten ningunha achega municipal. O esforzo do Concello contéplase non equipamentos e no apoio ao persoal que desenvolve as súas funcións dentro dos servizos sociais comunitarios e na execución, coordinación e supervisión técnicas dos programas.

15.- Dación de conta da achega da Deputación da Coruña para actividades educativas e culturais ano 2014.

Deuse conta á XGL da achega da Deputación de A Coruña por importe de 23.997,17 € co que se sufragan actividades do Departamento de Educación e do de Centros Socioculturais, tales como campañas de animación á lectura, certame de danzas intercentros e de teatros no ámbito educativo. Tamén financia actividades de CSC tales como as de maxia, Entroido e o Cine Classics.

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación da memoria e prezos públicos das actividades da rede de centros socioculturais durante o período comprendido entre setembro 2014 a agosto 2015.

A proposta da concelleira de Cultura, a XGL aprobou a memoria e prezos públicos das actividades que se realizarán na rede de Centros Socioculturais para o período comprendido entre setembro de 2014 e agosto de 2015.

Como todos os anos o Departamento de CSC ven desenvolvendo un programa de actividades regulares que coincide no tempo co obxecto de dar resposta ás necesidades dos diferentes colectivos os que van dirixidos e actividades programadas e ofrecer así aos diverso públicos unha prestación de servizos no ámbito do tempo libre. O custe total destas actividades é para o ano 2014 de 62.882,67 € e para o 2015 é de 159.281,50 € o que fai un total de 222.164,17 €. Toda esta cantidade será aportada con fondos propios do Concello.

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Santiago para financiar o XI Festival Internacional de Curtametraxes "CURTOCIRCUITO 2014"

O Concello de Santiago ven desenvolvendo, entre a súa variada oferta cultural, programas e iniciativas relacionadas co cine. A XGL firma coa Deputación de A Coruña un convenio co que se poderá levar a cabo, un ano máis, o Festival Internacional de Curtametraxes "Curtocircuito 2014" que chega así á súa undécima edición. O orzamento para este ano é de 140.000 €, dos que a Deputación realizará unha achega de ata 112.000 €.

Este Festival desenvolve un amplo e variado elenco de actividades que se distribúen en cinco bloques:

- 1.-Semana Oficial 2014: concurso de curtametraxes nacionais, internacionais de Galicia.
 - 1.2.-Sección Paralela: percorrido por festivais de referencia no eido do documental.
 - 1.3.-Actividades complementarias: mercado internacional de curtametraxes, Encontro dos Centros Audiovisuais de Galicia, Concurso Escolas Galegas, Actividade Educativas, Charlas, cafés-coloquios...
- 2.-Curtocentro, que recolle as propostas galegas máis alternativas de fusión e achegas musicais ligadas ao audiovisual.
- 3.-Curtocircuíto na rúa, proxeccións ao aire libre en verán.
- 4.-Plan de Comunicación.
- 5.-Curtocircuíto no mundo, presentación de certames internacionais.